

Disposición adicional cuarta. *Anticipos de axudas vinculadas a determinados préstamos para a mellora e modernización de estruturas agrarias.*

Nos termos municipais afectados, con carácter preferente, poderase efectuar o pagamento anticipado do importe total das axudas de minoración de anualidades de amortización do principal dos préstamos acollidos ao Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, daqueles expedientes de que se dispoña da correspondente certificación final de cumprimento de compromisos e realización de investimentos.

Disposición adicional quinta. *Convenios de colaboración para a restauración de parcelas de viñedo e outros cultivos leñosos.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá subscribir coas administracións públicas, autonómicas e locais das comunidades autónomas afectadas polas inundacións, os convenios de colaboración necesarios para a identificación e financiamento das actuacións necesarias para a restauración daquelas parcelas de viñedo e outros cultivos leñosos que se visen afectadas no seu potencial produtivo.

Disposición adicional sexta. *Carácter das axudas para efectos comunitarios.*

Para os efectos do establecido no Regulamento (CE) 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado de axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas, os fenómenos meteorolóxicos adversos que tiveron lugar nas datas e ámbitos territoriais establecidos neste real decreto lei decláranse asimilables a catástrofe natural.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de xuño de 2007.

JUAN CARLOS R.

A Presidenta do Goberno
en funcións,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12354 REAL DECRETO 812/2007, do 22 de xuño, sobre avaliación e xestión da calidade do aire ambiente en relación co arsénico, o cadmio, o mercurio, o níquel e os hidrocarburos aromáticos policíclicos. («BOE» 150, do 23-6-2007.)

A Directiva 96/62/CE do Consello, do 27 de setembro de 1996, sobre avaliación e xestión da calidade do aire

ambiente, estableceu con carácter xeral o réxime xurídico sobre a contaminación atmosférica no ámbito da Unión Europea, mediante a adopción de criterios para a harmonización das técnicas de avaliación, e definiu os obxectivos de calidade que se debían alcanzar mediante unha planificación adecuada.

Esta planificación materializouse na adopción de catro directivas específicas, «directivas fillas», sobre distintos contaminantes atmosféricos, como son a Directiva 1999/30/CE do Consello, do 22 de abril de 1999, relativa aos valores límite de dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno e óxidos de nitróxeno, partículas e chumbo no aire ambiente, a Directiva 2000/69/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de novembro de 2000, sobre os valores límite para o benceno e o monóxido de carbono no aire ambiente, a Directiva 2002/3/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2002, relativa ao ozono no aire ambiente, e por último a Directiva 2004/107/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 2004, relativa ao arsénico, o cadmio, o mercurio, o níquel e os hidrocarburos aromáticos policíclicos no aire ambiente.

A Directiva 96/62/CE do Consello, do 27 de setembro de 1996, foi incorporada ao noso ordenamento xurídico a través do Real decreto 1073/2002, do 18 de outubro, sobre avaliación e xestión da calidade do aire ambiente en relación co dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno, óxidos de nitróxeno, partículas, chumbo, benceno e monóxido de carbono, no cal ademais de se recolleren os preceptos de carácter global da citada directiva, se fixaron tamén as prescricións específicas relativas aos contaminantes mencionados, incorporando ao mesmo tempo a Directiva 1999/30/CE do Consello, do 22 de abril de 1999, e a Directiva 2000/69/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de novembro de 2000.

Por outra parte, a Directiva 2002/3/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2002, foi incorporada polo Real decreto 1796/2003, do 26 de decembro, relativo ao ozono no aire ambiente.

En síntese, este é o marco regulatorio en que se inscribe a Directiva 2004/107/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 2004, que establece o novo réxime xurídico comunitario sobre os ditos contaminantes, e que se incorpora ao dereito interno mediante este real decreto, que se debe entender completado, polo tanto, coas prescricións de carácter xeral previamente incluídas no Real decreto 1073/2002, do 18 de outubro.

A necesaria base legal deste real decreto encóntrase na Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico, que exige a adopción de cantas medidas sexan necesarias para manter a calidade do aire. Así mesmo, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, atribúelle á Administración do Estado, sen menoscabo das competencias das comunidades autónomas, a determinación, con carácter xeral, dos métodos de análise e medición dos requisitos e condicións mínimas en materia de control sanitario do ambiente.

De acordo co anterior, e en consonancia coa normativa comunitaria obxecto de transposición, neste real decreto establécense valores obxectivo de concentración do arsénico, do cadmio, do níquel e dos hidrocarburos aromáticos policíclicos presentes no aire, co fin de protexer a saúde das persoas e o ambiente no seu conxunto. Utilizarase o benzo(a)pireno como indicador do risco cancerixeno dos hidrocarburos aromáticos policíclicos no aire ambiente.

Estes valores obxectivo non exixirán medidas que supoñan custos desproporcionados. No que respecta ás instalacións industriais, os ditos valores non implicarán a adopción de medidas que vaian máis alá da aplicación das mellores técnicas dispoñibles establecidas na Lei

16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

Así mesmo, este real decreto establece métodos e criterios de avaliación e de medición das concentracións e depósitos dos compostos regulados así como a información que se lles deberá subministrarse aos cidadáns e ás organizacións e a que lle deberán subministrarse as comunidades autónomas e as entidades locais á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente, para efectos da súa posterior remisión á Comisión Europea.

Por último, este regulamento inclúe na súa disposición derradeira primeira a modificación do Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula a subministración de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas. Trátase da supresión dos limiares para a subministración de información das industrias sobre as súas emisións de maneira que a información ambiental dispoñible polas autoridades competentes sexa completa. Así mesmo, o encabezamento da táboa do anexo II da lista de substancias na súa letra A.1 experimenta unha modificación no mesmo sentido e que completa a citada supresión.

Esta norma ten carácter básico e adopta a forma de real decreto porque, dada a natureza da materia regulada, resulta un complemento necesario para garantir a consecución da finalidade obxectivo a que responde a competencia estatal sobre bases.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, os sectores afectados e deuse lugar á participación do público mediante medios telemáticos.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Medio Ambiente e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de xuño de 2007,

DISPÓNDO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto:

a) Definir e establecer un valor obxectivo de concentración de arsénico, cadmio, níquel e benzo(a)pireno no aire ambiente, e garantir, con respecto ao arsénico, o cadmio, o níquel e os hidrocarburos aromáticos policíclicos, o mantemento da calidade do aire ambiente onde é boa e a mellora noutros casos, co fin de evitar, previr ou reducir os seus efectos prexudiciais na saúde humana e no ambiente no seu conxunto,

b) Establecer métodos e criterios comúns de avaliación das concentracións e depósitos de arsénico, cadmio, mercurio, níquel e hidrocarburos aromáticos policíclicos no aire ambiente,

c) Garantir a obtención e a posta á disposición pública de información adecuada sobre as concentracións e depósitos de arsénico, cadmio, mercurio, níquel e hidrocarburos aromáticos policíclicos.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, aplicaranse as definicións do artigo 2 do Real decreto 1073/2002, do 18 de outubro, sobre avaliación e xestión da calidade do aire ambiente en relación co dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno, óxidos de nitróxeno, partículas, chumbo, benceno e monóxido de carbono, así como as seguintes:

a) «Valor obxectivo»: a concentración no aire ambiente fixada para evitar, previr ou reducir os efectos prexudiciais na saúde humana e o ambiente no seu conxunto, que se debe alcanzar no posible durante un determinado período de tempo.

b) «Depósito total»: a masa total de contaminantes transferida da atmosfera ás superficies (por exemplo, solos, vexetación, auga, edificios, etc.) nunha área determinada e durante un período determinado.

c) «Arsénico», «cadmio», «níquel» e «benzo(a)pireno»: o contido total destes elementos e os seus compostos na fracción PM₁₀.

d) «PM₁₀»: as partículas que pasan a través dun cabezal de tamaño selectivo, definido na Norma UNE-EN 12341, para un diámetro aerodinámico de 10 µm, cunha eficiencia de corte do 50 por cento.

e) «Hidrocarburos aromáticos policíclicos»: compostos orgánicos formados por polo menos dous aneis condensados aromáticos constituídos na súa totalidade por carbono e hidróxeno.

f) «Mercurio gasoso total»: o vapor de mercurio elemental (Hg⁰) e o mercurio gasoso reactivo, é dicir, as especies de mercurio solubles en auga cunha presión de vapor suficientemente elevada para existir en fase gasosa.

Artigo 3. *Valores obxectivo.*

1) As comunidades autónomas adoptarán todas as medidas necesarias que non xeren custos desproporcionados para garantir que, a partir do 31 de decembro de 2012, as concentracións de arsénico, cadmio, níquel e benzo(a)pireno no aire ambiente, utilizado como indicador do risco canceríxeno dos hidrocarburos aromáticos policíclicos, avaliadas consonte o artigo 4, non superan os valores obxectivo establecidos no anexo I.

2) As comunidades autónomas elaborarán unha lista das zonas e aglomeracións en que se superasen os valores obxectivo fixados no anexo I, especificando onde se rexistran as superacións e as fontes que contribúen a estas. Nas zonas e aglomeracións, as comunidades autónomas deberán demostrar que se aplican todas as medidas necesarias que non xeren custos desproporcionados, dirixidas en particular ás fontes de emisión principais, para alcanzar os valores obxectivo. No caso das instalacións industriais reguladas pola Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, isto significa a aplicación das melloras técnicas dispoñibles definidas no artigo 3.ñ).

3) As comunidades autónomas elaborarán unha lista das zonas e aglomeracións en que os niveis de arsénico, cadmio, níquel e benzo(a)pireno sexan inferiores aos seus respectivos valores obxectivo. Nas ditas zonas e aglomeracións as comunidades autónomas adoptarán as medidas necesarias para manter esa situación, de forma que se obteña a maior calidade do aire compatible co desenvolvemento sustentable.

Artigo 4. *Avaliación da calidade do aire ambiente.*

1) As comunidades autónomas avaliarán a calidade do aire ambiente polo seu contido en arsénico, cadmio, níquel e benzo(a)pireno nos seus respectivos territorios.

2) As comunidades autónomas deberán efectuar obrigatoriamente medicións da calidade do aire, en lugares fixos, nas zonas e aglomeracións onde os niveis se sitúen entre os limiares de avaliación inferior e superior, e cando superen o nivel de avaliación superior establecido.

3) Poderase utilizar unha combinación de medicións, incluídas as medicións indicativas a que se refire a sección I do anexo IV, e técnicas de modelización, co fin de avaliar a calidade do aire ambiente en zonas e aglomeracións onde, ao longo dun período representativo, os niveis se sitúen entre os limiares de avaliación inferior e superior, que serán determinados de conformidade coa sección II do anexo II.

4) Se os niveis de calidade do aire, determinados de acordo coa sección II do anexo II, para un determinado contaminante son inferiores ao limiar de avaliación inferior, poderán utilizar só técnicas de modelización ou de estimación obxectiva para a avaliación.

5) Para avaliar a contribución do benzo(a)pireno ao aire ambiente, as comunidades autónomas medirán outros hidrocarburos aromáticos policíclicos pertinentes nun número limitado de lugares de medición. Os compostos que se deberán medir serán como mínimo os seguintes: benzo(a)antraceno, benzo(b)fluoranteno, benzo(j)fluoranteno, benzo(k)fluoranteno, indeno(1,2,3-cd)pireno e dibenzo(a,h)antraceno. Os lugares de medición destes hidrocarburos aromáticos policíclicos situaranse xunto aos lugares de mostraxe de benzo(a)pireno e elixiranse de forma que se poida identificar a variación xeográfica e as tendencias a longo prazo. Para isto aplicaranse as seccións I, II e III do anexo III.

6) Independentemente dos niveis de concentración, o Ministerio de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e en colaboración coas comunidades autónomas, establecerá un punto de mostraxe cada 100.000 km² para a medición indicativa, no aire ambiente, do arsénico, cadmio, mercurio gasoso total, níquel, benzo(a)pireno, e dos demais hidrocarburos aromáticos policíclicos recollidos no número 5, así como dos seus depósitos totais. Tamén se medirá o mercurio particulado e o mercurio gasoso divalente. Estas medidas coordinaranse coa estratexia de vixilancia continuada e medición do programa de cooperación para a vixilancia continua e a avaliación do transporte a gran distancia de contaminantes atmosféricos en Europa (EMEP). Os lugares de mostraxe para estes contaminantes deberán seleccionarse de maneira que se poida identificar a variación xeográfica e as tendencias a longo prazo. Para tal fin aplicaranse as seccións I, II e III do anexo III.

Artigo 5. *Medicións.*

1. Cando se deban medir contaminantes, as medicións realizaranse en lugares fixos, de forma continua ou por mostraxe aleatoria, e en número suficiente como para permitir a determinación dos niveis.

2. Os limiares de avaliación superior e inferior do arsénico, cadmio, níquel e benzo(a)pireno no aire ambiente serán os establecidos na sección I do anexo II. A clasificación de cada zona ou aglomeración, para os fins deste artigo, revisarase polo menos cada cinco anos segundo o procedemento establecido na sección II do anexo II. Se se producen cambios significativos das actividades relacionadas coa concentración de arsénico, cadmio, níquel e benzo(a)pireno no aire ambiente, a clasificación revisarase antes.

3. Os criterios de elección da localización dos puntos de mostraxe para a medición do arsénico, cadmio, níquel e benzo(a)pireno no aire ambiente, co fin de avaliar o cumprimento dos valores obxectivo, serán os establecidos nas seccións I e II do anexo III. O número mínimo de puntos de mostraxe para as medicións fixas das concentracións de cada contaminante será o establecido na sección IV do anexo III. Estableceranse nas zonas e aglomeracións en que se exixan medicións cando os datos sobre as concentracións nas ditas zonas se obteñan exclusivamente mediante medicións fixas.

4. Nas zonas e aglomeracións en que a información das estacións de medicións fixas se complementa con información procedente doutras fontes como, por exemplo, inventarios de emisións, métodos indicativos de medición e modelización da calidade do aire ambiente, o número de estacións de medicións fixas e a resolución espacial doutras técnicas deberán ser suficientes para determinar a concentración de contaminantes atmosféricos de conformidade coa sección I do anexo III e a sección I do anexo IV.

ricos de conformidade coa sección I do anexo III e a sección I do anexo IV.

5. Os obxectivos de calidade de datos establécense na sección I do anexo IV. Cando se utilicen modelos de calidade do aire na avaliación, aplicarase a sección II do anexo IV.

6. Os métodos de referencia para a mostraxe e a análise do arsénico, cadmio, mercurio, níquel e hidrocarburos aromáticos policíclicos no aire ambiente serán os establecidos nas seccións I, II e III do anexo V. A sección IV do anexo V establece as técnicas de referencia para a medición dos depósitos totais de arsénico, cadmio, mercurio, níquel e dos hidrocarburos aromáticos policíclicos.

Artigo 6. *Información que deben facilitar as comunidades autónomas e as entidades locais.*

As comunidades autónomas e, cando así se establece na normativa autonómica, as entidades locais facilitaranlle á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente, para o cumprimento do deber de informar a Comisión da Unión Europea:

a) Antes do 1 de xullo de cada ano, e por primeira vez no ano 2009, cos datos correspondentes ao ano 2008, nas zonas e aglomeracións onde se supere algún dos valores obxectivo establecidos no anexo I, os seguintes datos:

- 1.º Listas das zonas e aglomeracións afectadas.
- 2.º Zonas onde se superan os valores fixados.
- 3.º Os valores de concentración e, se é o caso, os depósitos avaliados.
- 4.º Causas da superación dos valores e, en particular, as fontes responsables.
- 5.º A poboación exposta á dita superación.

O Ministerio de Sanidade e Consumo terá acceso á información recollida nesta letra a).

b) Todas as medidas adoptadas consonte o artigo 3.

Artigo 7. *Información ao público.*

1. As administracións públicas garantirán a posta á disposición de maneira regular da seguinte información aos cidadáns e organizacións sen ánimo de lucro entre cuxos fins estean a protección do ambiente, a defensa de consumidores e usuarios e a protección da saúde, así como ás organizacións que representen os intereses de sectores vulnerables da poboación:

a) as concentracións no aire ambiente de arsénico, cadmio, mercurio, níquel, benzo(a)pireno e os outros hidrocarburos aromáticos policíclicos mencionados no artigo 4.5,

b) os niveis de depósito de arsénico, cadmio, mercurio, níquel, benzo(a)pireno e os outros hidrocarburos aromáticos policíclicos mencionados no artigo 4.5,

c) toda superación anual dos valores obxectivo do arsénico, cadmio, níquel e benzo(a)pireno fixados no anexo I, as causas e a zona afectada,

d) breve avaliación en relación co valor obxectivo e

e) información apropiada sobre os efectos na saúde e sobre o impacto no ambiente.

2. A información sobre as medidas adoptadas consonte o artigo 3 porase á disposición das organizacións recollidas no punto anterior.

3. A información será facilmente accesible, clara e comprensible e estará dispoñible a través de medios de

comunicación de fácil acceso, tales como a internet, prensa e outros.

Artigo 8. Réxime sancionador.

O incumprimento das obrigas establecidas neste real decreto dará lugar á aplicación dos réximes sancionadores previstos na Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico, na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade e na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (IPPC).

Disposición adicional única. *Avaliación preliminar da calidade do aire ambiente.*

1. As administracións públicas competentes deberán realizar unha avaliación preliminar da calidade do aire ambiente, en relación co arsénico, o cadmio, o níquel e o benzo(a)pireno no aire, cando non dispoñan de medicións representativas dos niveis dos ditos contaminantes correspondentes a todas as zonas e aglomeracións.

2. Co fin de dar cumprimento ao deber de informar a Comisión Europea, as comunidades autónomas comunicaranlle á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente os métodos utilizados na avaliación preliminar antes do 15 de febreiro de 2007.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula a subministración de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas.*

O Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula a subministración de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas, queda modificado como segue:

Un. As letras a), b) e c) do artigo 3.1 quedan redactadas do seguinte modo:

«3.1.a) emisións á atmosfera, á auga e ao solo de calquera dos contaminantes incluídos no anexo II.

3.1.b) transferencias fóra da localización de residuos perigosos en cantidade superior a 2 toneladas anuais ou de residuos non perigosos en cantidade superior a 2.000 toneladas anuais, xa sexan para fins de recuperación ou eliminación, a excepción das operacións de eliminación de «tratamento do solo» ou «inxección profunda» recollidas no artigo 6 do Regulamento E-PRTR, indicándose coas iniciais «R» ou «D», respectivamente, se os residuos se destinan a recuperación ou eliminación e, no caso dos movementos transfronteirizos de residuos perigosos, o nome, enderezo do responsable da recuperación ou eliminación dos residuos e centro de eliminación de recuperación en cuestión;

3.1.c) transferencias fóra da localización de calquera dos contaminantes incluídos no anexo II en augas residuais destinadas a tratamento.»

Dous. O encabezamento da táboa do anexo II da lista de substancias, na súa letra A.1 queda redactado como segue:

«A.1 Contaminantes/substancias respecto dos cales, en todo caso, hai que subministrar información.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a e 23.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade e de lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2004/107/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 2004, relativa ao arsénico, o cadmio, o mercurio, o níquel e os hidrocarburos aromáticos policíclicos no aire ambiente.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación normativa.*

Facúltanse os ministros de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente para modificar os anexos deste real decreto para adaptalos á normativa comunitaria ou ás innovacións técnicas que se produzan.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de xuño de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I

Valores obxectivo do arsénico, cadmio, níquel e benzo(a)pireno

Contaminante	Valor obxectivo (1)
Arsénico	6 ng/m ³
Cadmio	5 ng/m ³
Níquel	20 ng/m ³
Benzo(a)pireno	1 ng/m ³

(1) Referido ao contido total na fracción PM₁₀ como media durante un ano natural.

ANEXO II

Requisitos de avaliación das concentracións de arsénico, cadmio, níquel e benzo(a)pireno no aire ambiente nunha zona ou aglomeración

I. Limiares superior e inferior de avaliación.

Aplicaranse os seguintes limiares superior e inferior de avaliación:

	Arsénico	Cadmio	Níquel	BaP
Limiar superior de avaliación en porcentaxe do valor obxectivo	60 % (3,6 ng/m ³)	60 % (3 ng/m ³)	70 % (14 ng/m ³)	60 % (0,6 ng/m ³)
Limiar inferior de avaliación en porcentaxe do valor obxectivo	40 % (2,4 ng/m ³)	40 % (2 ng/m ³)	50 % (10 ng/m ³)	40 % (0,4 ng/m ³)

II. Superación dos limiares superior e inferior de avaliación.

A superación dos limiares superior e inferior de avaliación determinarase tomando como base as concentracións dos cinco anos anteriores, cando se dispoña de datos suficientes. Considérase que se superou o limiar de avaliación cando a superación se producise durante polo menos tres anos naturais deses cinco.

Nas zonas en que non se dispoña de datos suficientes sobre os últimos cinco anos, combinaranse as campañas de medición de curta duración durante o período do ano e nos lugares onde previsiblemente se alcancen os niveis de contaminación máis altos, cos resultados obtidos da información procedente da modelización e inventarios de emisións, co fin de determinar a superación dos limiares superior e inferior de avaliación.

ANEXO III

Localización e número mínimo de puntos de mostraxe para a medición de concentracións no aire ambiente e niveis de depósito

I. Macroimplantación.

A elección dos puntos de mostraxe farase de forma que proporcionen:

Datos sobre áreas situadas dentro das zonas e aglomeracións onde a poboación poida estar directa ou indirectamente exposta ás concentracións máis elevadas como media durante un ano natural.

Datos sobre as concentracións rexistradas noutras áreas dentro das zonas e aglomeracións que sexan representativas da exposición da poboación.

Datos sobre os niveis de depósito que representen a exposición indirecta da poboación a través da cadea alimentaria.

Os puntos de mostraxe deberán estar situados de tal maneira que se evite a medición de microambientes moi pequenos nas súas proximidades. A título indicativo, un punto de mostraxe debería estar situado de maneira que sexa representativo da calidade do aire nos seus arredores dentro dunha área de polo menos 200 m² nas localizacións orientadas ao tráfico, de polo menos 250 m x 250 m² nas localizacións industriais, cando resulte factible, e de varios quilómetros cadrados nas localizacións urbanas de fondo.

Cando o obxectivo sexa avaliar as concentracións de fondo, o lugar de mostraxe non deberá estar influído por aglomeracións ou localizacións industriais da súa contorna, é dicir, lugares situados a escasos quilómetros.

Na avaliación das contribucións procedentes de fontes industriais haberá que situar polo menos un punto de mostraxe, na zona residencial máis próxima, a sotavento da fonte. Cando non se coñeza a concentración de fondo, situarase un punto de mostraxe adicional na dirección do vento dominante. Cando se aplique o artigo 3.2, os puntos de mostraxe deberíanse situar de maneira que permita o control da aplicación das mellores técnicas dispoñibles.

Na medida do posible, os puntos de mostraxe deberíanse seleccionar de maneira que sexan representativos de localizacións similares non situadas nas súas proximidades inmediatas e situarse prioritariamente nos mesmos puntos de mostraxe que para PM₁₀.

II. Microimplantación.

Na medida do posible, deberanse seguir as directrices seguintes:

Non deberían existir restricións ao fluxo de aire arredor do punto de entrada da mostraxe, nin obstáculos que afecten o fluxo de aire na veciñanza do captador (por regra xeral, o punto de entrada da mostraxe colocárase a varios metros de edificios, balcóns, árbores e outros obstáculos, e, como mínimo, a 0,5 m do edificio máis próximo no caso de puntos de mostraxe representativos da calidade do aire na liña de edificios),

en xeral, o punto de entrada da mostraxe debería estar situado entre 1,5 m (zona de respiración) e 4 m sobre o nivel do solo. Nalgúns casos poderá resultar necesaria unha posición máis elevada (ata 8 m). Posicións máis elevadas poden ser tamén adecuadas se a estación é representativa dunha área extensa,

o punto de entrada da mostraxe non debería estar situado nas proximidades de fontes de emisión para evitar a entrada directa de emisións sen mesturar co aire ambiente,

a saída do captador deberíase colocar de tal forma que se evite a recirculación do aire saínte cara á entrada do sistema,

os puntos de mostraxe orientados ao tráfico deberíanse situar como mínimo a 25 metros do bordo dos cruzamentos principais e polo menos a 4 m do centro do carril de tráfico máis próximo; as entradas de aire deberían estar situadas de maneira que sexan representativas da calidade do aire na liña de edificios,

para as medicións de depósitos en zonas rurais, aplícaranse, na medida do posible, as directrices e criterios EMEP sempre que non se dispoña outra cosa nestes anexos.

Ademais, poderanse ter en conta os factores seguintes:

Fontes de interferencias, seguranza, acceso, posibilidade de conexión ás redes eléctrica e telefónica, visibilidade do lugar en relación coa súa contorna, seguranza da poboación e dos técnicos, interese dunha implantación común de puntos de mostraxe de distintos contaminantes, normas urbanísticas.

III. Documentación e reavaliación da elección da localización.

Os procedementos para a selección da localización deberanse documentar completamente na fase de clasificación, por exemplo mediante fotografías da área circundante con indicación da orientación e cun mapa detallado.

A elección da localización deberíase revisar a intervalos regulares con nova documentación para asegurarse de que os criterios de selección seguen sendo válidos.

IV. Criterios para fixar o número de puntos de mostraxe para as medicións fixas das concentracións de arsénico, cadmio, níquel e benzo(a)pireno no aire ambiente.

Número mínimo de puntos de mostraxe para medicións fixas co fin de avaliar o cumprimento dos valores

obxectivo en zonas e aglomeracións en que as medicións fixas constitúen a única fonte de información.

a) Fontes difusas.

Poboación da aglomeración ou da zona(miles)	Se as concentracións superan o limiar superior de avaliación (1)		Se as concentracións máximas figuran entre o limiar superior e o limiar inferior de avaliación	
	As, Cd, Ni	BaP	As, Cd, Ni	BaP
0-749.	1	1	1	1
750-1999.	2	2	1	1
2000-3749.	2	3	1	1
3750-4749.	3	4	2	2
4750-5999.	4	5	2	2
≥ 6000.	5	5	2	2

(1) Hai que incluír polo menos unha estación urbana de fondo e ademais unha estación orientada ao tráfico para o benzo(a)pireno, sempre que non aumente por isto o número de puntos de mostraxe.

b) Fontes puntuais.

Para avaliar a contaminación do aire nas proximidades de fontes puntuais o número dos puntos de mostraxe para as medicións fixas deberase calcular tendo en conta o volume das emisións, os posibles perfís de distribución da contaminación do aire ambiente e a exposición potencial da poboación.

Os puntos de mostraxe débense elixir de tal maneira que se poida controlar a aplicación das mellores técnicas dispoñibles consonte a definición do artigo 3.º da Lei 16/2002, do 1 de xullo.

ANEXO IV

Obxectivos de calidade dos datos e requisitos dos modelos de calidade do aire

I. Obxectivos de calidade dos datos.

A título orientativo para a garantía da calidade, establecéronse os seguintes obxectivos de calidade.

	Benzo(a)pireno	Arsénico, cadmio e níquel	Hidrocarburos aromáticos policíclicos distintos do benzo(a)pireno, mercurio gasoso total	Depósitos totais
Incerteza				
Medicións fixas e indicativas	50%	40%	50%	70%
Modelización	60%	60%	60%	60%
Recollida mínima de datos	90%	90%	90%	90%
Cobertura mínima temporal				
Medicións fixas	33%	50%		
Medicións indicativas (*)	14%	14%	14%	33%

(*) Medicións indicativas son medicións que se efectúan cunha menor frecuencia pero que satisfán os demais obxectivos de calidade dos datos.

A incerteza (expresada cun nivel de confianza do 95 por cento) dos métodos utilizados para a avaliación das concentracións no aire ambiente determinarase consonte os principios da Guía do Centro Europeo de Normalización (CEN) para a expresión da incerteza de medida (ENV 13005-1999), a metodoloxía recollida na norma ISO 5725:1994 e as directrices do informe do CEN

titulado «Calidade do aire. Aproximación á estimación da incerteza para métodos de medida de referencia de aire ambiente» (UNE-CR 14377 IN:2005). As porcentaxes de incerteza refírense a medicións individuais, tomadas durante períodos de mostraxe habituais, para un intervalo de confianza do 95 por cento. Enténdese que a incerteza das medicións deberase aplicar no rango de

medición dos respectivos valores obxectivo. As medicións fixas e indicativas deberán estar uniformemente repartidas ao longo do ano para evitar o nesgo nos resultados.

Os requisitos para a recollida de datos e a cobertura temporal mínimas non inclúen as perdas de datos debido á calibración regular ou ao mantemento normal da instrumentación.

Requírese un tempo de mostraxe de vinte e catro horas para a medición do benzo(a)pireno e outros hidrocarburos aromáticos policíclicos. Tamén, poderán combinarse mostras individuais tomadas durante un período máximo dun mes e analizarse como unha mostra composta, sempre que o método garanta que as mostras son estables durante este período. Nos casos en que resultase difícil diferenciar analiticamente os tres conxéneres benzo(b)fluoranteno, benzo(j)fluoranteno e benzo(k)fluoranteno, poderanse indicar como suma destes. Para a medición das concentracións de arsénico, cadmio e níquel recoméndase tamén a mostraxe de vinte e catro horas. A mostraxe débese realizar uniformemente ao longo dos días da semana e do ano.

Para a medición dos niveis de depósito recoméndanse mostraxes mensuais, ou semanais, distribuídas ao longo do ano.

Poderase utilizar mostraxe húmida en lugar de mostraxe total se se pode demostrar que a diferenza entre ambos os métodos está dentro do 10 por cento. Os valores de depósito expresaranse polo xeral en $\mu\text{g}/(\text{m}^2 \text{ día})$.

A cobertura mínima temporal poderá ser menor que a indicada na táboa, pero non inferior a un 14 por cento para as medicións fixas e a un 6 por cento para as medicións indicativas, se poden demostrar que se cumpre a incerteza expandida ao 95 por cento para a media anual, calculada a partir dos obxectivos de calidade dos datos recollidos na táboa de acordo coa Norma UNE-ISO 11222:2005: «Calidade do aire. Determinación da incerteza da media de tempo das medidas de calidade do aire».

II. Requisitos dos modelos de calidade do aire.

Cando se utilice un modelo de calidade do aire para a avaliación, especificaranse as referencias ás descrições do modelo así como a información sobre a súa incerteza. A incerteza da modelización defínese como a desviación máxima entre os niveis de concentración calculados e medidos, ao longo dun ano completo, sen exixir coincidencia no tempo.

III. Requisitos aplicables ás técnicas de estimación obxectiva.

Cando se utilicen técnicas de estimación obxectiva, a incerteza non será superior ao 100 por cento.

IV. Normalización.

Para as substancias que se deberán analizar na fracción PM_{10} o volume de mostraxe referirase a condicións ambientais.

ANEXO V

Métodos de referencia para a avaliación das concentracións no aire ambiente e os niveis de depósitos

I. Método de referencia para a mostraxe e análise do arsénico, cadmio e níquel no aire ambiente.

O método de referencia para a medición das concentracións de arsénico, cadmio e níquel no aire ambiente é a Norma UNE-EN 14902: 2006 Calidade do aire ambiente.

Método normalizado para a medida de Pb, Cd, As e Ni na fracción PM_{10} da materia particulada en suspensión.

As administracións competentes poderán utilizar tamén calquera outro método do cal poidan demostrar que proporciona resultados equivalentes aos do método recollido no parágrafo anterior.

II. Método de referencia para a mostraxe e análise dos hidrocarburos aromáticos policíclicos no aire ambiente.

O método de referencia para a medición das concentracións de benzo(a)pireno no aire ambiente está sendo normalizado polo CEN e basearase na mostraxe manual de PM_{10} equivalente á Norma UNE-EN 12341. A falta de método normalizado por CEN para o benzo(a)pireno e outros hidrocarburos aromáticos policíclicos recollidos no número 5 do artigo 4, poderanse utilizar métodos normalizados nacionais ou métodos ISO tales como a Norma UNE 77250:2001 (equivalente á Norma ISO 12884) e a Norma UNE 16362:2006 (equivalente á Norma ISO 16362:2005).

As administracións públicas poderán utilizar tamén calquera outro método do que poidan demostrar que proporciona resultados equivalentes aos do método recollido no parágrafo anterior.

III. Método de referencia para a mostraxe e análise do mercurio no aire ambiente.

O método de referencia para a medición das concentracións de mercurio gasoso total no aire ambiente será un método automatizado baseado na espectrometría de absorción atómica ou na espectrometría de fluorescencia atómica. Na falta de método normalizado por CEN, poderanse utilizar os métodos normalizados nacionais ou os métodos normalizados ISO.

As administracións públicas poderán utilizar tamén calquera outro método do que poidan demostrar que proporciona resultados equivalentes aos do método recollido no parágrafo anterior.

IV. Método de referencia para a mostraxe e análise dos depósitos de arsénico, cadmio, mercurio, níquel e hidrocarburos policíclicos.

O método de referencia para a mostraxe dos depósitos de arsénico, cadmio, mercurio, níquel e hidrocarburos aromáticos policíclicos basearase na exposición de indicadores de depósitos cilíndricos de dimensións normalizadas.

Na falta de método normalizado CEN, as administracións públicas poderán utilizar os métodos normalizados nacionais.

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

12649 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1580/2006, do 22 de decembro, polo que se regula a compatibilidade electromagnética dos equipamentos eléctricos e electrónicos. («BOE» 154, do 28-6-2007.)*

Advertido erro no Real decreto 1580/2006, do 22 de decembro, polo que se regula a compatibilidade electromagnética dos equipamentos eléctricos e electrónicos, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento